




BOLETÍN DE NOVIDADES

DECEMBRO 2021




BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE PANTÓN
PRAZA DO CONCELLO, S/N. 27430 PATÓN (LUGO)
Tel. 673 26 67 92



El código Da Vinci / Dan Brown ; traducción de Juanjo Estrella

Barcelona : Umbriel, [2003]

Apasionante novela de claves escondidas, sorprendentes revelacións, acertixos inxeniosos, verdades, mentiras, realidades históricas, mitos, símbolos e misterios chean unha trama con xiros inesperados conducindo ó lector ó secreto máis celosamente gardado do comezo da nosa era.




Doce anillos / Yuri Andrujovich ; traducción del ucraniano de Oksana Gollyak y Frederic Guerrero Solé. – Barcelona : Acantilado, 2007.

Un fotógrafo austriaco con raíces galitzianas, viaxa buscando as súas orixes á Ucraia dos anos noventa do século XX. Tralo derumbe do estado soviético encontra un estado no que os desaxustes polo seu nacemento serpentean entre o nacionalismo, a nostalxía polos Habsburgo, a tentación do retorno ao réxime anterior, o folkore e o embrutecemento vulgar dun mercado sin control.




El teorema del loro : novela para aprender matemáticas / Denis Guedj ; traducción de Consuelo Serra. – 4ª ed. – Barcelona : Anagrama, 2007

Unha feliz simbiosis de humor e razón pura que se converte nunha entretida lección de matemáticas. Unha trama polifónica intercalada de flashbacks de vidas de matemáticos célebres na que predomina a voz dun intelectual de oitenta e catro anos: M. Ruche, que pon a punto os seus coñecementos de filosofía en aras da investigación que se desenvolve.




La amiga estupenda / Elena Ferrante ; traducción de Celia Filippetto. – 4ª ed.– Barcelona : Random House, 2015

Con telón de fondo a cidade de Nápoles a mediados do século pasado esta novela ten como protagonistas a Lenù y Lila, dos xóvenes mulleres que están aprendendo a gobernar a súa vida nun entorno donde a astucia, antes que a intelixencia, é o ingrediente de tódolas salsas.




El huerto de mi amada / Alfredo Bryce Echenique. – Barcelona : Planeta, 2002.

Cando Carlos Alegre, dezasete anos e Natalia de Larrea, trinta e tres, fuxen xuntos a unha festa de alta sociedade en medio dun sensacional escándalo, saben que a súa relación non vai a ser un camiño de rosas. Os escrúpulos da familia dél, e a lenda de seductora que arrastra ela poñen obstáculos a unha pasión singular que empuxa ós dous protagonistas a unha nova dimensión vital.




El ruido y la furia / William Faulkner. – Madrid : El País, 2002

Esta formidable novela relata a decadencia dos Compson, unha aristocrática familia sureña. A novedosa técnica literaria empregada suscitou o inmediato interés da crítica e a convirtiu nunha obra de radical influencia na literatura do século XX.



Opiniones de un payaso / Heinrich Böll ; traducción de Lucas Casas. – Madrid : El País, [2002].

Hans Schnier está a punto de perder o seu traballo de paiaso e a súa muller abandonouno. Nas irónicas opinións e conmovedoras peripecias subyace unha reflexión lúcida e implacable sobre o papel da moral, a política e a relixión no mundo contemporáneo.



El halcón maltés / Dashiell Hammett ; traducción de Fernando Calleja. – Madrid : El País, [2002].

Sam Spade, detective privado de San Francisco, cumpre cun encargo de rutina, pero os acontecementos toman un rumbo inesperado e convírtese no principal sospechoso do asesinato do home ao que debía espiar. A clave está nunha estatuilla de ouro con figura de falcón que foi obxecto de roubos e extravíos durante máis de catro séculos.




Mi isla / Elisabet Benavent. –Barcelona : DeBolsillo, D. L. 2017.

Maggie vive nunha isla e rexenta unha casa de hospedes...ten unha horta e casi sempre vai descalza. Maggie non quere recordar por qué está alí; doe demasiado. Maggie renunciou ao amor. Ata que coñece a Alexandro e a calma da paso a unha tormenta de sensacións e a posibilidade de que tal vez sí se pode comenzar de novo.




El Maestro y Margarita / Mijaíl Bulgakov ; traducción de Amaya Lacasa Sancha.
Madrid : El País, D. L. 2002

O Moscú de comezos do século XX e a Xerusalén do ano 33 fúndense nunha trama extravagante e precisa á vez, como un complexo mecanismo de ingeniería literaria. Nesta asombrosa sátira da sociedade rusa, Satanás faise presente para castigar á hipocresía e o oportunismo mentras os protagonistas loitan por ver cumpridos os seus soños de felicidade.



La reina descalza / Ildefonso Falcones
1ª ed. – Barcelona : Grijalbo, 2013

Na España do século XVIII, unha conmovedora historia de amizade, pasión e vinganza une dúas voces de muller nun canto desagarrado pola liberdade.



Un estudo en escarlata / Arthur Conan Doyle ; tradución, Bieito Iglesias, Manuel Vázquez

[Arteixo (A Coruña)] : La Voz de Galicia, [2005]

O título do libro deriva dun discurso que Holmes, un detective consultor, lle fai ó seu amigo e cronista Watson sobre a natureza do seu traballo, no cal describe a investigación da historia dun asasinato como o seu "estudo en escarlata": "Existe o fío escarlata do asasinato que atravesa a madeixa incolora da vida, e o noso deber é desentrañar, illar e expoñer cada centímetro del.



O Alén dos barqueiros / Anxo Muíños ; [ilustracións, Humberto Loureiro, Álvaro Hernán]. – [Torrelavega, Cantabria] : Editorial Fanes, 2018.

O sueco Ingemar sostén que a mitoloxía é a forma de psicoloxía máis antiga. Desvelar os misterios da vida a través das lendas é a paixón do estudante, algo que desexa plasmar nunha tese doutoral. O mito de Ulises buscando Itaca inspíralle facer unha viaxe ata Lisboa en busca de crecemento persoal. Na fronteira un comandante sospeita que o antropólogo é un espía soviético. En Portugal atopa a Salomé e continúan a andaina xuntos escoitando mitos de árbores sagradas, monstros mariños, espírito das augas, labirintos, animais totémicos e barcos pantasma.



Como a roda no muíño / Suso Lista

1ª ed. [Ferrol] : Embora, 2020.

E se vida se volve toda en desandar o Camiño que nos leve ás terras do solpor e tamén a unha orixe inimaxinable? As compañías de viaxe en nada van axudar pois son pléiade de antagonistas, mais incapaces de afogar o ánimo deste ousado camiñante. O ciclo da vida narrado como roda de muíño que xira e xira para brindarnos con mestría un mundo onde o cotián se converte moitas veces en absurdo.



A arte de trobar / Santiago Lopo

5ª ed. Vigo : Xerais, 2020.


No século XIII, unha troupe de artistas itinerantes procedentes de Galicia percorre os reinos do Camiño de Santiago. É un momento de cambio político, cultural e lingüístico nunha Europa inmersa en cruentas loitas de poder. As persecucións relixiosas e as ansias expansionistas coinciden co auxe das cantigas galego- portuguesas e co declive da lírica provenzal. Un códice oculto, a Inquisición, a herexía cátara e os segredos da alquimia uniranse ás cantigas medievais para conformar unha engaiolante trama nunha novela con grandes doses de intriga.



Un peixe no parque / Ramón Vilar Landeira

1ª ed. Vigo : Xerais, 2019.

A medio camiño entre a novela e o libro de relatos, o autor ofrécenos unha narración ateigada de ironía e humor, que trata das parellas que os sábados cena sushi diante da televisión ou das pintadas máis insidiosas no váter da facultade.



Vivir sen permiso e outras historias de Oeste / Manuel

Rivas. – 2ª ed.–Vigo : Edicións Xerais de Galicia, 2020.

Tempo histórico onde se acrecenta o poder das mafias, da cobiza, do diñeiro sucio e da corrupción. Mais tamén son historias que nos mostran a condición humana situada no límite, relatadas desde a maxia literaria dunha escrita impactante, poderosa e directa.



O baile dos estorniños / Xabier Quiroga

1ª ed. Vigo : Xerais, 2021.


Nesta novela mistúrase de xeito maxistral unha investigación actual, a cargo do escritor e mais dun personaxe con alma de detective, o Reina, cunha escura e sorprendente trama do pasado. Nela mestúrase con poderoso trazo a decadencia dunha familia fidalga coa persecución das partidas de fuxidos do sur de Lugo, o roubo de bebés e a represión do franquismo durante a Guerra Civil e a posguerra.



Erros e Tánatos / Gonzalo Navaza. – 24º ed. – Vigo :

Xerais, 2018.

Dez relatos artellados sobre diversas formas do engano, da inxenuidade ou da impostura. Son fórmulas baseadas na ironía e sorpresa, na procura dunha tensión narrativa que atrapa e seduce ao lector desde o primeiro momento para guiálo cara un desenlace sempre sorprendente.




O meu nome é Ninguén / Manuel Esteban ; [fotografía de

portada, Fran Herbello Hermelo]. – 3ª ed. – Vigo : Xerais, 2021.

Carlos Manso é un inspector de policía desencantado tras vinte anos de oficio polas beirarrúas da sociedade. Un antiheroe en pleno declive persoal que fai do fracaso a súa marca de identidade. Mentres leva a cabo a investigación dunha rede de pederastia, descobre que, no atropelado intento de vencer contra vento e marea, hai xente que comete o erro de confundir a bondade coa estupidez. Unha mal entendida liberdade que proclama o dereito a posuílo todo. A devoralo todo. Mesmo os nosos semellantes.

XUVENIL



Sandokan / Emilio Salgari ; [traducción, Manuel Estrada].
Madrid : El País, D. L. 2004.

¿Acaso foron menos inexorables conmigo os homes da raza branca? ¿Qué mal lles fixera eu? ¿Por qué asesinaron a miña nai, os meus irmáns e as miñas irmás...? Sandokan, príncipe destronado, xura vingarse dos ingleses e de tódolos seus cómplices. Convertido no Tigre de Malasia, o máis fero e valente corsario do Índico, defende ós perseguidos, non duda en castigar ós traidores e atrévese a desafiar ó Imperio Británico.



Frankenstein / Mary Shelley ; [traducción, María Engracia Pujals]. –Madrid : El País D. L. 2004.

O doutor Frankenstein desafia á natureza creando, de fragmentos humanos, un ser que espanta a quenes o ven, incluído ao seu autor. O monstro é un ser bondadoso que sofre o rechazo, silencio e soidade impostos como unha condena. Anhela compartir o seu illamento con outro ser pero o científico négase. O seu carácter tórnase violento alguén ten que morrer.



Rebeldes / Susan E. Hinton. – 56ªed. – Madrid : Alfaguara, 2006.

As pelexas na rúa entre bandas rivais desencadean tal violencia, que moitas veces rematan de forma trágica. Os conflitos familiares, a marxinação, a ausencia de futuro...levan a algúns xoves a buscar na rúa e no grupo no que non atopan na casa. Pero sempre queda un destello de esperanza.



Contigo na nube / Xosé A. Perozo ; banda deseñada por Zaida Novoa. – [A Coruña] : Auga Editora, D. L. 2020.


¿Cantas veces nos preguntamos por qué se producen as situación de acoso nos centros escolares?¿Por qué os máis débiles, sexan mozos ou mozas, padecen estas situación en silencio? Nesta historia Sofía fórmulase preguntas semellantes cando en sexto de primaria descobre o acoso que sofre David. Un problema que se repetirá con outras persoas ao longo de todo o seu ensino secundario. Sofía será testemuña e vítima.




Lila y el secreto de los fuegos / Philip Pullman ; ilustraciones de Jesús Gabán. – Barcelona : Ediciones B, [2002].

¿Quieres aprender o secreto da pirotecnia? Esa é a gran proba que terá que afrontar Lila para conseguir o seu maior desexo: coñecer o oficio de creadora de fogos de artificio. Se a protagonista deste relato quere destacar neste oficio terá que emprender un longo viaxe e enfrontarse ao Diaño do Fogo.


INFANTIL



Pola mañá cedo / Lawrence Schimel e Elina Braslina ;
versión galega de Eva Mejuto. – Barcelona : Capicúa, D. L.
2020.



Non é hora de xogar / Lawrence Schimel e Elina Braslina
; versión galega de Eva Mejuto. – Barcelona : Capicúa,
D.L. 2020.



Lendas do recreo. Campións do mundo / El
Hematocrítico e Albert Monteys. – 1ª ed.– Vigo : Xerais,
2020.

Os protagonistas desta historia pasan un tempo
entretido xogando ás escondidas no patio do recreo.
Non esperaban que un descoñecido interrompese a súa
diversión asegurando que é o campión do mundo deste
xogo.



Junie B. Jones y Warren el Superguapo / texto de Bárbara Park ; ilustraciones de Denise Brunkus
Madrid : Bruño, 2003.

No cole de Junie B. Jones hai un neno novo. Chámase Warren e é...¡superguapo! Lucy enseguida decide facerse a súa noiva, pero a Claudia e a Junie B. parécelle fatal.



O sombreiro chichiriteiro / Manuel Rivas ; ilustracións de Patricia Castelao.- 1ª ed.- Vigo : Edicións Xerais de Galicia, 2009.

Esta é a historia da amizade dum sombreiro moi especial, o Chichiriteiro, e dun neno valente chamado Simón. Xuntos viaxarán ao corazón do mundo.